


# PROGRAMACIÓN PRIMARIA 6º NIVEL

## 2017-2018



CEIP Francisco Vales Villamarín

## ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización ..... páx 3
- 2.- Obxectivos xerais ..... páx 4
- 3.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave ..... páx 5
- 4.- Metodoloxía ..... páx 6
- 6.- Concreción para cada estándar: ..... páx 8
  - Temporalización
  - Grao mínimo de consecución para superar a materia
  - Procedementos e instrumentos de avaliación
  - Competencias clave de cada estándar
- 7.- Avaliación.....páx 128
- 8.- Concrecións metodolóxicas .....páx 130
- 9.- Materiais e recursos didácticos .....páx 131
- 10.- Aplicación dos proxectos e plans do centro e Actividades Extraescolares
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.....páx 132
- 12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....páx 133
- 13.- Medidas de atención á diversidade .....páx 134
- 14.-Medidas de recuperación e reforzo..... páx 136
- 15.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un colexio comarcal que conta co alumnado de E. Primaria dos concellos de Betanzos, Paderne e Coirós e co alumnado de E. Infantil de Betanzos. É de ámbito público, formado por 996 alumnos/as distribuídos en 43 unidades: 13 de Educación Infantil e 30 de Primaria. Alumnado diverso, tanto en procedencia (8 % inmigrante) como en características (14 % NEAE). O idioma máis empregado e a lingua materna é o castelán, que convive cunha minoría galego falante, reflexo do que ocorre no contorno.

Os resultados académicos do alumnado durante o curso 2016-17 non foron negativos: aproximadamente un 99 % promocionou para o seguinte curso, aínda que unha minoría dun 0,8% permanece no mesmo nivel. A avaliación individualizada de 3º nivel e a final de etapa non aportan datos significativos debido á baixa afluencia que rexistraron.

Agás dous niveis de infantil (4º e 5º), o resto de niveis conta con cinco aulas, cuxos titores/as, especialistas e integrantes do D. Orientación, 66 docentes en total, deben coordinarse para facer cumprir estes proxectos de nivel que completan os obxectivos das dúas etapas de maneira coordinada e coherente tratándose dun conxunto tan grande.

Un centro, que traballa a formación docente cun PFPP iniciado no curso 2016-17, que continúa este curso e conta con Plans e Proxectos que contemplan a diversidade e o afán por mellorar e conseguir o éxito educativo e unha boa convivencia debe elaborar unha programación que cumpra cos requisitos legais e os adapte ás súas necesidades.

A programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que se ben é de secundaria é a recomendación feita por parte da inspección ata que no existe unha resolución similar para primaria.

A Educación Infantil, regulada polo Real decreto 1630/2006, de 29 de decembro que establece as ensinanzas mínimas fixadas para o 2º ciclo e o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009). Tamén a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).

A Educación Primaria, regulada no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade Autónoma de Galicia. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29)

## 2.- OBXECTIVOS XERAIS DE PRIMARIA

Que contribuirán a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a.** Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b.** Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c.** Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d.** Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas por ningún motivo.
- e.** Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f.** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita comunicarse e desenvolverse en situacións cotiás.
- g.** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h.** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, especialmente aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i.** Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j.** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k.** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l.** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m.** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n.** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o.** Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á

cultura e á sociedade galegas

### 3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En xeral, para a adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**Área de Ciencias da Natureza:** Os coñecementos científicos integraranse no currículo de E. Primaria para proporcionar as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. Este proceso deberá permitir a aproximación ao medio científico e ao uso das tecnoloxías de maneira progresiva, evolucionando dun pensamento intuitivo, global e concreto á interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade na que conflúan todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria. Ademais da adquisición de conceptos científicos, débese introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de “saber facer” e empregar estratexias técnicas da actividade científica.

**Área de Ciencias Sociais:** Pretende contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumno, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade que vive, participando da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social do alumnado como futuros cidadáns e cidadás implica coñecer os mecanismos fundamentais da democracia, respectando as regras de vida colectiva e, por outra parte, interactuar coa contorna e o medio, velando pola súa conservación.

**Área de Lingua castelá e galega:** O desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística será o obxectivo principal desta área, que deberá achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para que o alumnado poida desenvolverse satisfactoriamente nas relacións co resto dos integrantes do contorno, dunha maneira adecuada a súa idade. Ademais, proporcionaralle coñecementos metalingüísticos e literarios que lle axudarán a completar o seu dominio cultural. Nun futuro, o seu éxito persoal e profesional dependerá en parte da súa competencia lingüística e a súa capacidade para comprender e expresar.

O Proxecto lingüístico de centro contempla as tres linguas como mecanismos necesarios para a formación do alumnado, non só lingüística e literaria, senón como individuos conscientes da necesidade da bagaxe vital nun mundo en continua expansión, pero sen perder a cultura e a identidade propia. Dende o segundo ciclo de Infantil mantense contacto cunha primeira lingua estranxeira (inglés), co obxectivo de iniciar a súa competencia en comunicación oral.

**Area de Matemáticas:** As Matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc. E axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que leven consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

**Área de Educación Física:** Esta área ten como finalidade principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento de todas.

Na Educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

#### 4.- METODOLOXÍA:

##### **Aspectos xerais:**

Nesta etapa poñerase especial atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido

prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizarase a práctica docente diaria de xeito que se garanta a incorporación dun tempo de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén, realizando diagnósticos precoces e mecanismos de reforzo.

Estableceranse unhas orientacións metodolóxicas nas distintas áreas, de maneira que os contidos de todas elas estarán relacionados entre si, polo que se potenciará un enfoque global e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Estes contidos deberán ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos,...onde o alumnado avance, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado (portfolio, rúbricas, mapas mentais, diarios, probas específicas,...) e diferentes materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes, partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional para avanzar cara aprendizaxes máis complexos. O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, polo que presentarán propostas de traballo individual e de equipo, que posibiliten a resolución conxunta e favorezan a inclusión.

Dende o equipo educativo e as distintas comisións de coordinación fomentarse unha reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, acordada

e compartida á hora de desenvolver un currículo coherente cun enfoque global e interdisciplinar (PDI da biblioteca: “ Unha viaxe no tempo”).

## Proxecto de programación 6º nivel

### TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

|              |                                      |             |                        |
|--------------|--------------------------------------|-------------|------------------------|
| <b>CURSO</b> | Programación "CEIP Vales Villamarín" |             |                        |
| <b>NIVEL</b> | 6º PRIMARIA                          | <b>ÁREA</b> | Ciencias Naturais (CN) |

| Criterio de avaliación                              | Estándares                                                                                                                                                                                                          | Grao mínimo para superar a área<br>Indicador mínimo de logro                                                                                                                                          | T 1 | T 2 | T 3 | CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN<br>Instrumentos de avaliación /<br>Procedementos de avaliación (%)*                                           | C.C.                           |
|-----------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|-----|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
| <b>Bloque 1: Iniciación á actividade científica</b> |                                                                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                       |     |     |     |                                                                                                                                              |                                |
| CN-B1.1                                             | 6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. | Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. | X   | X   | X   | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Caderno de clase. | CCL<br>CSIEE<br>CAA CD<br>CMCT |
| CN-B1.1                                             | 6º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.                                                   | Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.                                                   | X   | X   | X   | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Asamblea. Caderno de clase.    | CCL<br>CMCT                    |
| CN-B1.1                                             | 6º-CNB1.1.3 - Emprega de                                                                                                                                                                                            | Emprega de forma autónoma o                                                                                                                                                                           | X   | X   | X   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos                                                                                                    | CCL                            |

|         |                                                                                                                                                                                                 |                                                                                                            |   |   |   |                                                                                            |                          |
|---------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|--------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|
|         | forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).                                                                                               | tratamento de textos.                                                                                      |   |   |   | alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Investigacións.                                               | CSIEE<br>CMCT<br>CD      |
| CN-B1.1 | 6º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.                                                                                        | Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.                 | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.            | CMCTC<br>AA CCL          |
| CN-B1.2 | 6º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas. | Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas.                                     | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.            | CSIEE<br>CAA<br>CMCT     |
| CN-B1.3 | 6º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.                          | Estuda e traballa de forma individual e en equipo sen xerar conflitos                                      | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CAACS<br>C CMCT<br>CSIEE |
| CN-B1.3 | 6º-CNB1.3.2 - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.                                    | Coñece e emprega de forma axeitada instrumentos e materiais das tecnoloxías da información e comunicación. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.            | CMCT<br>CSC CD<br>CAA    |
| CN-B1.4 | 6º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas                                                                                                                               | Realiza proxectos, experiencias e investigacións empregando o material necesario e extraendo               | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.             | CMCTC<br>CLCAA<br>CSIEE  |

|                                       |                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                     |   |   |   |                                                                                                     |                                                      |
|---------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
|                                       | investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.                                                                                                                                     | conclusións dos resultados.                                                                                                                                                                                                                                                         |   |   |   | INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Escala de observación.                                              |                                                      |
| CN-B1.4                               | 6º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p> | <p>CCLCM</p> <p>CTCSC</p> <p>CD CAA</p> <p>CSIEE</p> |
| <b>Bloque 2: O ser humano e saúde</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                     |   |   |   |                                                                                                     |                                                      |
| CN-B2.1                               | 6º-CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.                                                                                                                                                                            | Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.                                                                                                                                                                            |   | X |   | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta.</p>                        | <p>CCLCM</p> <p>CTCMC</p> <p>T</p>                   |
| CN-B2.2                               | 6º-CNB2.2.1 - Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.                                                                                                                     | Identifica e describe as principais características dos aparellos que interveñen na función de nutrición.                                                                                                                                                                           |   | X |   | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta.</p>                        | <p>CMCTC</p> <p>CL</p>                               |
| CN-B2.3                               | 6º-CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e                                                                                                                                                                                                                                                | Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos                                                                                                                                                                                                                                |   | X |   | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.                                                                  | <p>CMCTC</p> <p>CL CSC</p>                           |

|                                 |                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                             |   |   |  |                                                                                          |                       |
|---------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|--|------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
|                                 | os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.                                                                                                       | beneficiosos para o noso corpo.                                                                                                             |   |   |  | INSTRUMENTOS: Proba aberta.                                                              |                       |
| CN-B2.3                         | 6º-CNB2.3.2 - Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.                            | Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde. |   | X |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                        | CMCTC<br>CLCAA<br>CSC |
| CN-B2.3                         | 6º-CNB2.3.3 - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.                                                                                                            | Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.                                                                                 |   | X |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                        | CMCT<br>CAACS<br>C    |
| CN-B2.3                         | 6º-CNB2.3.4 - Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).          | Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde                                                               |   | X |  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CMCTC<br>CL CSC       |
| CN-B2.3                         | 6º-CNB2.3.5 - Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais                                                                                                 | Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais                                                                      |   | X |  | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.                      | CMCTC<br>SC           |
| <b>Bloque 3: Os seres vivos</b> |                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                             |   |   |  |                                                                                          |                       |
| CN-B3.1                         | 6º-CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | Identifica e describe a estrutura dos seres vivos.                                                                                          | X |   |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                        | CCL<br>CMCT           |

|         |                                                                                                                                                            |                                                                                                                           |   |  |  |                                                                                                                            |             |
|---------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|--|--|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| CN-B3.2 | 6º-CNB3.2.1 - Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.                  | Identifica as características e clasifica os seres vivos dos diferentes reinos.                                           | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                                                          | CMCT        |
| CN-B3.2 | 6º-CNB3.2.2 - Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.                                                                             | Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.                                                          | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                                            | CMCTC<br>AA |
| CN-B3.2 | 6º-CNB3.2.3 - Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.                                                                                   | Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.                                                                | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.                                   | CMCTC<br>CL |
| CN-B3.3 | 6º-CNB3.3.1 - Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.                           | Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.        | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.                                   | CMCTC<br>CL |
| CN-B3.3 | 6º-CNB3.3.2 - Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.                        | Recoñece e explica os principais ecosistemas.                                                                             | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase. | CMCTC<br>CL |
| CN-B3.3 | 6º-CNB3.3.3 - Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies. | Observa e identifica diferentes hábitats facendo fincapé no seu coidado e nomea algunhas causas de extinción de especies. | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                                                          | CMCTC<br>SC |
| CN-B3.3 | 6º-CNB3.3.4 - Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación                                                                                   | Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.                                                    | X |  |  | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.                                            | CMCT        |

|                                    |                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                                         |   |  |   |                                                                                                     |                      |
|------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|--|---|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
|                                    | científica.                                                                                                                                                                                                                      |                                                                                                                                                                         |   |  |   |                                                                                                     |                      |
| CN-B3.3                            | 6º-CNB3.3.5 - Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.                | Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados. | X |  |   | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p> | CMCT<br>CCLCD<br>CAA |
| <b>Bloque 4: Materia e enerxía</b> |                                                                                                                                                                                                                                  |                                                                                                                                                                         |   |  |   |                                                                                                     |                      |
| CN-B4.1                            | 6º-CNB4.1.1 - Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado. | Investiga a través de experiencias sinxelas as leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.    |   |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>          | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| CN-B4.1                            | 6º-CNB4.1.2 - Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.                                      | Investiga a través de experiencias sinxelas as leis básicas que rexen as reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.                                      |   |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>          | CMCT<br>AA<br>CSIEE  |
| CN-B4.2                            | 6º-CNB4.2.1 - Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.                                                           | Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía.                                                                          |   |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta.</p>                        | CMCT<br>CCL          |

|         |                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                                                                                                                               |  |  |   |                                                                                                     |                             |
|---------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|---|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|
| CN-B4.2 | 6º-CNB4.2.2 - Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible. | Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables.                                                                                            |  |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta.</p>                        | CMCTC<br>SCCCL              |
| CN-B4.3 | 6º-CNB4.3.1 - Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.                  | Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido. |  |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>          | CAACM<br>CT<br>CSIEE<br>CCL |
| CN-B4.3 | 6º-CNB4.3.2 - Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.                                                                                                  | Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.                                                                                 |  |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p> | CMCT<br>CCL                 |
| CN-B4.4 | 6º-CNB4.4.1 - Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.                                                                                                                           | Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.                                                                                                          |  |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase.</p> | CMCT                        |
| CN-B4.4 | 6º-CNB4.4.2 - Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración,                                                                                                                                                          | Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.                                                                                                              |  |  | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>          | CMCT                        |

|                                                    |                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                                         |  |  |   |                                                                                          |                                |
|----------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|---|------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
|                                                    | evaporación ou disolución.                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                         |  |  |   |                                                                                          |                                |
| CN-B4.4                                            | 6º-CNB4.4.3 - Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes. | Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes. |  |  | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CMCT<br>CAACSI<br>EE CCL<br>CD |
| CN-B4.4                                            | 6º-CNB4.4.4 - Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.                                                          | Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.                                                          |  |  | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba aberta.                        | CMCT<br>CAA                    |
|          |                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                  |   |   |   |                                                                                    |              |
|----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
|          | altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.                                                                                                                  | exposicións orais.                                                                                                               |   |   |   | INSTRUMENTOS: Asamblea.                                                            | CSIEE        |
| VSC-B3.5 | 6º-VSCB3.5.2 - Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.                                                                                                  | Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.                                                          | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.          | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.6 | 6º-VSCB3.6.1 - Realiza xuízos morais de situacións escolares.                                                                                                                           | Realiza xuízos morais de situacións escolares.                                                                                   | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.          | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.6 | 6º-VSCB3.6.2 - Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | Xusfica as súas actuacións enbase a valores persoais como a liberdade, a autoestima e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común. | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.7 | 6º-VSCB3.7.1 - Expresa o que é un dilema moral.                                                                                                                                         | Entende o que é un dilema moral.                                                                                                 | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Entrevista.     | CSC<br>CCL   |
| VSC-B3.7 | 6º-VSCB3.7.2 - Realiza xuízos morais.                                                                                                                                                   | Realiza xuízos morais.                                                                                                           | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.          | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.7 | 6º-VSCB3.7.3 - Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.                                                                                                        | Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais.                                                                            | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.          | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.7 | 6º-VSCB3.7.4 - Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.                                                                                        | Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.                                                | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Asamblea.       | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.8 | 6º-VSCB3.8.1 - Analiza                                                                                                                                                                  | Analiza formas de discriminación:                                                                                                | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos                                          | CSC          |

|          |                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                                           |   |   |   |                                                                                            |                     |
|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|--------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
|          | formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.                                                                                             | racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.                                                                                                        |   |   |   | alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.                             | CSIEE               |
| VSC-B3.8 | 6º-VSCB3.8.2 - Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade | Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Escala de observación.            | CSC<br>CSIEE        |
| VSC-B3.8 | 6º-VSCB3.8.3 - Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.                                                               | Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.                                                               | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.                        | CSC<br>CSIEE        |
| VSC-B3.9 | 6º-VSCB3.9.1 - Valora e respecta a libre expresión.                                                                                                                      | Respecta a libre expresión.                                                                                                                               | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.                  | CSC                 |
| VSC-B3.9 | 6º-VSCB3.9.2 - Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.                                                                                            | Comprende e acepta opinións diferentes propias,                                                                                                           | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.                  | CSC                 |
| VSC-B3.9 | 6º-VSCB3.9.3 - Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.                                                       | Relaciona culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.                                                                  | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico). | CSC<br>CSIEE        |
| VSC-B3.9 | 6º-VSCB3.9.4 - Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de                                     | Reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión.                                                                          | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Posta en común.         | CSC<br>CSIEE<br>CCL |

|           |                                                                                                                                                                          |                                                                                                                                             |   |   |   |                                                                                                                     |              |
|-----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
|           | conciencia e de relixión.                                                                                                                                                |                                                                                                                                             |   |   |   |                                                                                                                     |              |
| VSC-B3.10 | 6º-VSCB3.10.1 - Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.                                                     | Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.                                        | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>                       | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.11 | 6º-VSCB3.11.1 - Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.              | Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática. |   | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea.</p>                             | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.11 | 6º-VSCB3.11.2 - Razoa a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás. | Razoa a contribución de diferentes institucións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.   |   |   | X | <p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.</p>                                      | CSC<br>CCL   |
| VSC-B3.12 | 6º-VSCB3.12.1 - Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.                                                                                          | Coñece os dereitos e deberes básicos da Constitución española.                                                                              |   |   | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.</p> | CSC<br>CCL   |
| VSC-B3.12 | 6º-VSCB3.12.2 - Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.                                                                                                            | Realiza xuízos morais sinxelos documentados.                                                                                                | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>                                | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.12 | 6º-VSCB3.12.3 - Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.                                                      | Participa no benestar da contorna próxima baseándose nso dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.                                         | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>               | CSC<br>CSIEE |
| VSC-B3.13 | 6º-VSCB3.13.1 - Comprende, valora e                                                                                                                                      | Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución                                                                               |   |   | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>                                                        | CSC<br>CCL   |

|           |                                                                                                                                         |                                                                                                                         |   |   |   |                                                                                                          |                                |
|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------|
|           | expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade                                                                    | cidadá ao ben da sociedade.                                                                                             |   |   |   | INSTRUMENTOS: Investigacións.                                                                            | CSIEE                          |
| VSC-B3.13 | 6º-VSCB3.13.2 - Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás. | Entende a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás. |   |   | X | PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.<br>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.                                     | CSC<br>CCL                     |
| VSC-B3.13 | 6º-VSCB3.13.3 - Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.                                              | Realiza producións creativa sobre as consecuencias de non pagar impostos.                                               |   |   | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | CSC<br>CCEC<br>CD CCL<br>CSIEE |
| VSC-B3.14 | 6º-VSCB3.14.1 - Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía. | Toma conciencia e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.                                        |   | X |   | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Asamblea.                             | CSC<br>CCL<br>CSIEE            |
| VSC-B3.14 | 6º-VSCB3.14.2 - Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.                                                        | Investiga os efectos de determinadas fontes de enerxía.                                                                 |   | X |   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Investigacións.                   | CSC<br>CAA                     |
| VSC-B3.14 | 6º-VSCB3.14.3 - Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.               | Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.               |   | X |   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | CCL<br>CSC<br>CAA<br>CSIEE     |
| VSC-B3.14 | 6º-VSCB3.14.4 - Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.                                          | Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.                                          |   | X |   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Caderno de Campo.                 | CSC CD<br>CMCT<br>CCEC         |
| VSC-B3.15 | 6º-VSCB3.15.1 - Razona as repercusións de determinadas condutas de                                                                      | Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.                            | X |   |   | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.                                                        | CCL<br>CAA<br>CSIEE            |

|           |                                                                                                                                                             |                                                                                                                                             |   |   |   |                                                                                                          |                             |
|-----------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|
|           | risco sobre a saúde e a calidade de vida.                                                                                                                   |                                                                                                                                             |   |   |   | INSTRUMENTOS: Posta en común.                                                                            |                             |
| VSC-B3.15 | 6º-VSCB3.15.2 - Coñece as prácticas de primeiros auxilios.                                                                                                  | Coñece as prácticas de primeiros auxilios.                                                                                                  | X |   |   | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.                                     | CSC<br>CSIEE                |
| VSC-B3.16 | 6º-VSCB3.16.1 - Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.                                                                                                 | Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.                                                                                                 | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase.                                | CD CSC                      |
| VSC-B3.16 | 6º-VSCB3.16.2 - Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital.                                                                             | Analiza e enxuíza criticamente so contidos do contorno dixital,                                                                             | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Investigacións.                   | CCL<br>CAA<br>CSC           |
| VSC-B3.17 | 6º-VSCB3.17.1 - Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario. | Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario, | X |   |   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Investigacións.                   | CD CSC<br>CSIEE             |
| VSC-B3.17 | 6º-VSCB3.17.2 - Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.                                        | Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.                                        | X |   |   | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | CSC<br>CCEC<br>CD           |
| VSC-B3.17 | 6º-VSCB3.17.3 - Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.                                                                  | Realiza exposicións sobre hábitos de consumo necesario.                                                                                     | X |   |   | PROCEDEMENTOS: Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Exposición dun tema.                                 | CSC<br>CCL<br>CCEC<br>CSIEE |
| VSC-B3.18 | 6º-VSCB3.18.1 - Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en                              | Desenvolve proxectos relacionados coas causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.      |   |   | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | CSC<br>CSIEE<br>CAA         |

|           |                                                                                                                      |                                                                                                  |  |  |   |                                                                                                                            |                     |
|-----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|---|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
|           | diferentes medios de comunicación.                                                                                   |                                                                                                  |  |  |   |                                                                                                                            |                     |
| VSC-B3.18 | 6º-VSCB3.18.2 - Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. | Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico.                         |  |  | X | <b>PROCEDEMENTOS:</b> Intercambios orais cos alumnos/as.<br><br><b>INSTRUMENTOS:</b> Asamblea.                             | CSC<br>CCL          |
| VSC-B3.18 | 6º-VSCB3.18.3 - Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.               | Explica algunhas das principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. |  |  | X | <b>PROCEDEMENTOS:</b> Análise das producións dos alumnos/as.<br><br><b>INSTRUMENTOS:</b> Traballo de aplicación e síntese. | CSC<br>CCL<br>CSIEE |

| <b>PONDERACIÓN</b>          |                                                           |     |                           |      |
|-----------------------------|-----------------------------------------------------------|-----|---------------------------|------|
| COMPETENCIAS                | BLOQUE CONTIDOS                                           | %   | INSTRUMENTOS AVALIACIÓN   | %    |
| CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE | 1. A identidade e a dignidade das persoas                 | 30% | Observación directa       | 60 % |
| CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE | 2. A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais | 35% |                           |      |
| CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE | 3. A convivencia e os valores sociais                     | 35% | Presentación de traballos | 30%  |
|                             |                                                           |     | Actitude                  | 10%  |

No caso de que se obteñan decimais nas cualificacións do alumnado, redondearase ata o cinco decimal e obtarase a media aritmética. No caso de media nas materias de artística seguirase o mesmo criterio, e deben estar as dúas aprobadas.

Defínese actitude do alumno como a súa predisposición e actitude diante do traballo; así, rexistraranse os controis con preguntas en branco, as tarefas incompletas, os traballos con mala presentación, sucios ou pouco elaborados para penalizar a parte correspondente deste aspecto.

Nas probas orais ou escritas, avisarase que parte da cualificación corresponde a cada aspecto ou apartado avaliable: presentación, preguntas en branco, puntuación de cada ítem.

## 7.- AVALIACIÓN

Nas distintas materias, en función dos estándares que se están a traballar, empregaranse uns procedementos e uns instrumentos de cualificación que nos permitan valorar o traballo do alumnado en cada trimestre. A cualificación de cada trimestre influirá na cualificación da avaliación ordinaria da seguinte maneira (agás en E.F. e Relixión)

| 1ª AVALIACIÓN | 2ª AVALIACIÓN | 3ª AVALIACIÓN | AVALIACIÓN ORDINARIA |
|---------------|---------------|---------------|----------------------|
| 20%           | 30%           | 50%           | 100%                 |

Consideramos que, como a ponderación do bloque de contidos comúns é o que máis peso ten na cualificación de cada trimestre e, como se traballa en todos os trimestres, esta distribución permítenos apreciar a evolución positiva no grao de adquisición de contidos e das competencias correspondentes nesta media ponderada para a avaliación ordinaria.

### **AVALIACIÓN INICIAL:**

A avaliación inicial levarase a cabo na primeira quincena de curso, última quincena de setembro. As probas que se realizarán serán similares ás da avaliación continua, observación directa, intercambios orais co alumnado e probas obxectivas de carácter oral e escrito das materias troncais. Tamén se fará unha avaliación inicial ao alumnado que chega novo ao centro procedente doutros países para elaborar o necesario ditame. Dos resultados das avaliacións iniciais derivarase a organización dos apoios necesarios, sen prexuízo dos xa establecidos para o alumnado con materias pendentes do curso anterior. De todo iso, os/as titores/as informarán a cada familia nas sesións de tutoría.

### **AVALIACIÓN CONTINUA**

A avaliación en E. Primaria é continua e formativa. A superación dun trimestre suspenso obtense co aprobado da seguinte e a dun curso, co aprobado do curso seguinte. A cualificación de cada avaliación ten en conta o peso dos estándares (bloques de contido) que figuran no cadro de programación de cada materia, así como os procedementos e instrumentos de avaliación e o número de probas obxectivas previstas.

## AVALIACIÓN ORDINARIA

A avaliación ordinaria defínese tendo en conta as ponderacións das anteriores, segundo consta en cada materia de cada nivel.

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Tal e como establece a orde do 9 de xuño de 2016 a promoción do alumnado decidírase nas Xuntas de Avaliación e tendo en conta que en Primaria, a promoción decídese tamén tendo en conta motivos psicopedagóxicos e a adaptación ao novo grupo ou o beneficio de permanecer no mesmo, o profesorado integrante da xunta decidirá cada caso en particular..

## 8.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Nas aulas, traballaránse as unidades didácticas propostas para este curso coa axuda dos materiais físicos e o uso habitual dos dixitais dispoñibles (E- Dixgal), tratando de inicialas de maneira motivadora, despois da exploración de ideas e coñecementos previos. para Respetarase a diversidade con tarefas de reforzo e ampliación segundo conveña e co apoio do profesorado de PT e AL nas materias onde se precise.

A metodoloxía tratará de ser o máis activa e participativa posible, o profesorado será un elemento facilitador no desenvolvemento de tarefas e na resolución de problemas, propoñendo indagacións e investigacións sobre documentos, textos, prensa, etc. No caso da E. Musical, será o elemento facilitador na comprensión de novos conceptos musicais e na adquisición de habilidades musicais (tanto a nivel de audición, de interpretación vocal, instrumental ou corporal)a través de investigacións e traballos. Ademais da memorización comprensiva, a análise de documentos, a elaboración de sínteses, e exposición oral e o interese pola lectura e o estudo, aplicaranse técnicas de traballo cooperativo, que desenvolvan as capacidades de todos e cada un dos integrantes dun equipo.

O traballo na casa consistirá en completar traballos de clase, lecturas, documentación, esquemas ou resúmenes ou repasar a práctica musical realizada durante as sesións sobre partituras rítmicas ou de frauta doce, audicións ou cancións e, en momentos puntuais encargarse a elaboración de pequenos traballos de investigación ou a elaboración dalgún instrumento musical caseiro a partir de material de refugallo. Tratarase de que ese traballo non sexa excesivo e permita ao alumnado ter tempo libre, pero cree hábito de estudo

e planificación diaria do material.

A avaliación terá en conta todo o indicado, analizando as producións dos alumnos, orais e escritas, así como o traballo individual e en equipo, realizando probas escritas (indicadas en cada materia) e observación do traballo na aula, o caderno de clase e a actitude.

## 9.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais de todas as persoas da Comunidade Escolar que fan posible que o alumnado acade tódolos servizos dos que ten necesidade canda a súa estancia no centro e faciliten a súa convivencia cos demais, empregaremos material impreso, do que se fai detallada constancia na PXA e fondo de libros de texto e dixital (Edixgal), ademais do material informático do que dispón o centro, aulas de idioma, de Relixión, de E. Física, biblioteca e outros espazos de lecer. ( O listaxe de material didáctico de E. Física está na páxina XADE do centro <http://www.edu.xunta.es/xadecentros/> no apartado "PB17Almacén Patio Cuberto" do inventario, que recolle actualizada a listaxe deste material),

En E. Musical, empregaranse instrumentos de percusión de altura determinada e indeterminada e a frauta, ademais do blogue <http://valesmusical.blogspot.com.es/>.

## 10.- APLICACIÓN DOS PROXECTOS E PLANS DO CENTRO E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O **Proxecto Documental da biblioteca**, este curso, tratará do estudo da historia: Idade Medieval. Traballaremos distintos estándares de todas as materias para elaborar actividades de investigación, tratamento e divulgación da información necesaria para o seu estudo. Desta maneira, estamos levando a acabo os obxectivos do **Proxecto Lector** do centro que teñen que ver coa formación de lectores competentes, así coma a introdución nas **TIC**.

Aproveitaremos os recursos da vila para este proxecto, tratándose dunha cidade medieval, realizando dúas saídas durante o curso: unha para coñecer a orixe e etapa medieval de Betanzos e outra para coñecer a técnica do gravado, desenvolvida nun dos museos internacionais de estampa que ten o seu obradoiro na cidade. O alumnado está a desenvolver distintas técnicas na materia de Plástica, coa axuda da auxiliar de conversa para mellorar o seu grao de dominio da primeira lingua estranxeira: o inglés.

Visitaremos, se é posible, unha central eólica da provincia de Lugo (Sotavento), para o estudo das enerxías renovables e o respecto polo medio, incluíndo obxectivos do **Proxecto Voz Natura** e do **Plan Proxecta** "Almorzos con xeito" (modalidade ALIMÉNTATE BEN) que desenvolvemos no colexio e que traballamos nas aulas.

Participaremos do traballo conxunto do colexio en calquera das actividades **conmemorativas** propostas polo **EDL**, Biblioteca, departamento de EF, Inglés, Actividades Complementarias e Voz Natura.

Dentro do apartado de **Actividades Complementarias**, o Departamento de E. Física organizará campionatos de fútbol, brile e baloncesto durante os recreos, o Triatlón Deportivo do Nadal, unha carreira solidaria nas pistas deportivas municipais, unha ruta de sendeirismo "Paseo fluvial dos Caneiros" e o torneo final dos campionatos escolares con actuacións musicais. Ademais, dentro da súa participación no PDI da Biblioteca, introducirá ao alumnado na investigación e práctica de xogos medievais.

O Departamento de Música organizará obradoiros durante os recreos de práctica musical con pandeiretas, guitarras e banda de música e visitas a concertos musicais que se celebren en betanzos ou en Coruña. Fomentará o coñecemento da música e a danza e compartirá coas familias, convidando agrupacións que traballen estas disciplinas no concello (Danza dos mariñeiros e Danzarte) ou participando en celebracións musicais coma a do tradicional 1 de maio. Continuará coa celebración do festival de Nadal e de Sta Icíá no centro.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

A través dos estándares de todas as áreas traballaranse os elementos transversais establecidos no currículo (artigo 11), sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha delas:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Tecnoloxías da información e da comunicación

- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional.

## 12.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### Indicadores de logro do proceso de ensino

|                                                                                      | Escala |   |   |   |
|--------------------------------------------------------------------------------------|--------|---|---|---|
|                                                                                      | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.               |        |   |   |   |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.              |        |   |   |   |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.    |        |   |   |   |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.                            |        |   |   |   |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.         |        |   |   |   |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.             |        |   |   |   |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |        |   |   |   |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |        |   |   |   |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.                                |        |   |   |   |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.                                   |        |   |   |   |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.                             |        |   |   |   |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.     |        |   |   |   |

### Indicadores de logro da práctica docente

| Escala |   |   |   |
|--------|---|---|---|
| 1      | 2 | 3 | 4 |

|                                                                                                                             |  |  |  |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--|--|--|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.                                                        |  |  |  |  |
| 2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.                                                  |  |  |  |  |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.                                                                          |  |  |  |  |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.                                           |  |  |  |  |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.                                            |  |  |  |  |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo.                                                                             |  |  |  |  |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.                                                                          |  |  |  |  |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.                                           |  |  |  |  |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.                                                                |  |  |  |  |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.                                                |  |  |  |  |
| 11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.                                        |  |  |  |  |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |  |  |  |  |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                    |  |  |  |  |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.                                               |  |  |  |  |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.                                                      |  |  |  |  |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.                                          |  |  |  |  |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...                                        |  |  |  |  |

## 14.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

| Medidas ordinarias |              |
|--------------------|--------------|
| Organizativas      | Curriculares |

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>-Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</li> <li>-Espazos diferenciados.</li> <li>-Materiais e recursos didácticos diferenciados.</li> </ul> <p>-Desdobramento de grupos.</p> <p>- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</p> | <p>-Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/a / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.</p> <p>-Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</p> <p>-Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</p> <p>-Programa específico para alumnado repetidor da materia.</p> <p>-Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</p> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

| <b>Medidas extraordinarias</b>                                                                                                                                                                                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Organizativas                                                                                                                                                                                                                                                            | Curriculares                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| <p>-Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</p> <p>- De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).</p> <p>-De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).</p> | <p>- Adaptacións curriculares na materia.</p> <p>- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</p> <p>-Alumnado con flexibilización na escolarización.</p> <p>-Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro</p> |

|                                                                                           |                                                          |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|
| -Otras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. | profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc. |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|

## 15.-MEDIDAS DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

## 16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

O mellor mecanismo para avaliar a programación didáctica é revisar se todo o profesorado a segue e resulta práctica para obter as valoracións necesarias. esta revisión propoñerase dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica, unha vez revisados os resultados das avaliacións trimestrais e as observacións recollidas polo profesorado implicado. Trasladarase aos niveis e estes adicarán parte das súas reunións en resolver modificacións que se consensuará de novo en reunión de CCP.